

¿QUE

LER?



**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**Ilustración:**

Óscar Villán

**Idea e textos:**

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,  
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

**Impresión:**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**D.L.:** C 637-2007

Segundo o día e o noso estado de ánimo, chaman por nós diferentes lecturas; días nos que apetece máis ler un poema, días nos que revisitamos vellos libros, días para mergullarse nunha novela de aventuras e, mesmo, hai días nos que quedamos a durmir co libro na man. Os pequenos lectores tamén viven estas sensacións e circunstancias diferentes:

- Se teñen mimos e ganas de colo, quizais veña ben un poema.
- Se están un pouco tristes e apagados, ese conto que lles gusta tanto.
- Se se lles poñen olliños de exploradores, será perfecto un libro de imaxes.
- Se teñen na casa un grupo de amigos, poden facer teatro.

Os adultos máis achegados recoñecerán sen esforzo momentos coma estes que piden libros especiais, sen esquecer proporcionar lecturas variadas e de diferentes xéneros. **CONTAMOS MOITO**, pero non sempre do mesmo xeito:

- Coa poesía saboreamos as palabras.
- Logo de ler unha receita, acabaremos saboreando o pastel.
- Cun conto imos de sorpresa en sorpresa.
- Un relato longo permítenos facer paradas.
- Nun texto con diálogos, podemos repartir os personaxes: "ti es o dragón, eu a princesa".



Galicia ten unha **tradición oral** moi rica e, afortunadamente, aínda viva na memoria de moitas familias e na vida cotiá. Sería bo que os nenos e as nenas tivesen a oportunidade de recoller dos beizos de seus avós e avoas os cantos, os contos, as lendas, as adiviñas, os refráns, os ditos, as fórmulas para botar as sortes e, mesmo, para librarse do trasno. Entrando en contacto con esta literatura de transmisión oral dende que nacen, os pequenos reciben o alimento da palabra, avanza no desenvolvemento da linguaxe e van asimilando as claves da nosa cultura. Cando non se dá un contacto directo con esta literatura oral, pódese acudir a coleccións de contos populares, adiviñas, coplas, etc., impresos ou audiovisuais.

Nestas primeiras idades resultan imprescindibles os **libros de imaxes**. Nenos e nenas aprenden a recoñecer neles seres e obxectos do seu contorno e, tamén, a desenvolver a súa imaxinación. Constitúen o primeiro contacto co obxecto-libro no que se familiarizan coas páxinas e a orde de lectura. As ilustracións deberán ser coidadas, novas, con propostas estéticas alternativas ás máis comerciais difundidas por cine e televisión. Pouco a pouco, o texto irá gañando espazo, pero os nenos seguirán a ler imaxes e a obter información a través delas.

A través dos **álbums**, os pequenos lectores poden coñecer os relatos e ilustracións de autores actuais que conectan cos seus intereses e as novas formas de percibir o mundo. Relatos sinxelos, textos breves que incorporan palabras novas, que coidan a corrección e a beleza da linguaxe e que presentan historias curiosas ou divertidas coas que educar o sentido do humor e axudarlles a descubrir o pracer da lectura.

Non deben esquecerse os **libros de poemas e textos teatrais** adaptados ao seu nivel que axudan a degustar a beleza das palabras e a gozar con elas.

Os **libros informativos** para estas idades terán contidos concretos, axeitados ao nivel de comprensión e aos seus intereses e presentarán a información con predominio da imaxe. O soporte audiovisual e multimedia é tamén unha boa fórmula para inducir á lectura.

Para unha selección diversa e de calidade de todos estes materiais pódese acudir á abundante produción en lingua galega, pero os nenos e as nenas deben ter a posibilidade de coñecer, tamén, publicacións de calidade editadas fóra do noso país.



¿QUE LER?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

